
POR QUE?

Ilustracións de **NIKOLAI POPOV**

Encadernado en cartón. 19 x 23,5 cm. 40 páx. 14 €.

Por que? (galego)

ISBN 978-84-8464-367-8. Tras os montes.

¿Por qué? (castelán)

ISBN 978-84-8464-368-5. Clásicos contemporáneos.

Per què? (catalán)

ISBN 978-84-16804-39-9. Clàssics contemporanis.


*Se os nenos e as nenas poden entender a insensatez da guerra,
se se decatan do fácil que é caer nun ciclo de violencia,
quizais no futuro se convertan en impulsores da paz.*

Nikolai Popov

A senrazón da guerra, a violencia, a vinganza, a devastación e a morte asómanse en toda a súa crueza ás páxinas deste libro visual; unha fábula que comenza coa bucólica estampa dunha ra gozando do arrecendo dunha flor, ata a irrupción dun rato que a ataca para quitarlla. Xorde daquela unha loita entre dous bandos cada vez máis numerosos en individuos e medios bélicos que dá lugar a emboscadas e bombardeos. Dun prado florido, a un lugar desolado; dunha minucia, a un gran conflito sen ter mediado nin unha soa palabra.

A Segunda Guerra Mundial deixou unha fonda pegada na nenez de Nikolai Popov: o avance do exército nazi sobre a Unión Soviética, as bucinas marcando a apresurada fuxida da poboación aos refuxios, xogar entre os restos das bombas sen comprender o seu efecto letal ata que unha explotou nas mans doutro neno, o recordo dos soldados mutilados voltando trala rendición alemá... Pero sería a obra de Tolstoi, Dostoyevski, Hemingway e Remarque o que decantou a ideoloxía pacifista do autor de "Por que?".

Esta edición de KALANDRAKA recupera a versión orixinal da obra, sen texto. Porque as ilustracións, de estilo clásico, teñen un gran poder comunicativo e narran visualmente a historia, ata extremos impactantes pola súa capacidade para reflectir o galopante delirio militarista e destrutivo. Fronte á barbarie, o propio autor alenta os lectores a seren promotores do diálogo, da tolerancia, da convivencia e da paz.



■ **Temática:** a paz, a irracionalidade da guerra e da violencia.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** libro visual, sen texto; clasicismo gráfico; educación para a paz, diálogo e reflexión, historia da humanidade.

Nikolai Popov

(Saratov, Rusia, 1938)

Graduado no Instituto Poligráfico de Saratov, é membro da Federación Rusa de Pintores, da Academia Rusa de Deseño Gráfico e foi nomeado pintor honorífico no seu país. Actualmente imparte clases na Universidade de Washington, en Seattle. Entre os numerosos recoñecementos que recibiu por todo o mundo destacan dúas medallas de ouro na Exposición Internacional das Artes do Libro en Leipzig, un Gran Premio e a medalla de ouro da Bienal de Ilustración de Bratislava.

<https://nikolaiipopovartist.wordpress.com>



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
